

(Lúa nova)

Aquel non era o tempo das apretas,  
mais falaba contigo e existías  
e poboabas de voces os meus días,  
sentíate nas horas máis secretas.

Cantiga medieval, tiña garcetas  
**Catro lúas e a da morte**  
o meu sono e cervos e volvías  
a auga pola alba, e mais traías  
arrecendo de xarxa e de violetas.

Estabas e non eras, pero eras  
lonigo brado de dita na esperanza,  
futura luz de novas primaveras.

Todo no corazón era larganza  
para habitares ti, que non viñeras,  
lúa nova, que a vista non alcanza.

**Lema: Heráclito**

*(Lúa nova)*

*Aquel non era o tempo das apretas,  
mais falaba contigo e existías  
e poboabas de voces os meus días:  
sentíate nas horas máis secretas.*

*Cantiga medieval, tiña garcetas  
o meu soño e cervos e volvías  
a auga pola alba, e mais traías  
arrecendo de xarxa e de violetas.*

*Estabas e non eras, pero eras  
longo brado de dita na esperanza,  
futura luz de novas primaveras.*

*Todo no corazón era larganza  
para habitares ti, que non viñeras,  
lúa nova, que a vista non alcanza.*

*(Cuarto crecente)*

*(Lúa chea)*

*Eras case de amor, hedra primeira  
gabeando camiños polas veas,  
ensaiano memorias e cadeas  
pola carne de meu, pedra en xaneira.*

*e engolias da morte a beberaxe.*

*Eras case de amor na brincadeira  
de burlarmos coas ondas as mareas  
abalando caricias a mancheas,  
devalando máis fortes coa canseira.*

*un chegar e iniciar nova viaxe.*

*Eras regato con porvir de río  
aberto a toda chuvia para a enchente,  
facendo da túa sede un desafío.*

*e en algures se dera aquel decreto:*

*Eras case de amor loucura inxente  
alienándote en min no desvarío,  
eras case de amor, cuarto crecente.*

*non entre ningún máis: é plenilunio!*

*(Cuarto minguante)*

*(Lúa chea)*

*¿Que quedará de ti, de min, de tanto*

*Naufragabas nun mar de auga salvaxe,  
nun mar de amor, gozoso afogamento,  
non podías nadar contra o contento  
e engolías da morte a beberaxe.*

*Contamos as moedas: risa e pranto*

*E sendo morte non había friaxe.*

*E sendo morte foi vivir e alento,*

*un contino e total renacemento, o espanto.*

*un chegar e iniciar nova viaxe.*

*¿Que quedará de ti, de min, da lúa,*

*Había luz e cantos e un secreto*

*corazón madurando, e era xuño*

*e en algures se dera aquel decreto:*

*¿Será o noso amor sombra vagante,*

*"Fóra a noite, a distancia, o infortunio.*

*O dominio do amor está completo,*

*non entre ninguén máis: é plenilunio"*

*(Cuarto minguante)*

*¿Que quedará de ti, de min, de tanto  
esplendor que na carne fixo casa?*

*Todo reve co tempo, todo pasa,  
todo cobre o costume co seu manto.*

*Contamos as moedas: risa e pranto  
fixéronnos da vida táboa rasa.*

*Non sabemos facer outra devasa  
contra a perda dos días que a do espanto.*

*¿Que quedará de ti, de min, da lúa,  
da paixón que foi raio fulminante?*

*¿Que quedará de nós na noite núa?*

*¿Será o noso amor sombra vagante,  
fantasma que salouca e que recúa  
camiño do non ser, cuarto minguante?*

*(A da morte)*

*Sexa de sangue, vermella e con lume,  
fure aquel foxo en que todo apodrece.  
Traia semente que non madurece,  
négueme o froito da vida e costume.*

*Sexa coitelo e alfanxe con gume,  
corte as raíces; no fogo que aquece  
cinsa se volvan que nunca decrece,  
herdo das brasas por fin, e sen fume.*

*Vaia eu con ela por cega e escura,  
vaia eu con ela que non mente un Norte,  
vaia eu con ela porque é a que máis dura.*

*Veña buscarme fatal como a sorte,  
cóllame a man cunha man ben segura:  
non me devale a lúa da morte.*